

A continuación infórmase dos acordos da reunión ordinaria da Comisión de Calidade, que tivo lugar o 10 de marzo de 2020 na Sala de Xuntas da Facultade de Fisioterapia:

- Aprobación da acta 58 correspondente á sesión ordinaria do 19 de novembro de 2019.
- Apróbase o Informe de Satisfacción do Alumnado, Profesorado, Titulados e Empregadores (MC05) referente ao curso 2018-2019.
- Aprobación do informe de Enquisas de Avaliación Docente referente ao curso 2018-2019.
- Aprobación do Manual de Calidade e os seus anexos pois a súa última versión era do ano 2015 e sufriu modificacións algúns dos seus apartados.
- Apróbase a proposta de enquisa de satisfacción para profesores Asociados en Ciencias da Saúde da Área de Fisioterapia.
- Apróbase o informe do Plan de Oferta de Emprego referente ao curso 2018-2019.
- Acordouse a recomendación por parte desta Comisión de Calidade á Xunta de Facultade do Centro que o Exame da materia Metodoloxía da Investigación en Ciencias da Saúde sexa o último exame a realizar dentro do calendario ordinario de exames de primeiro cuatrimestre.
- Acórdase que recae no Decanato do Centro indicar posíbeis datas de paso de Enquisas de Avaliación Docente sempre e cando o profesor responsable da materia non o indique.
- Acórdase que os membros da Comisión de Calidade achegarán suxerencias de información a constar para o novo Taboleiro de Calidade do Centro.
- Acórdase que, inda que modificouse o rexistro de xestión de Recursos Materiais e Servizos (IA-01), seguirase facendo un informe por cada profesor que solicite un determinado equipo para docencia e tal información incluírase como Boas Prácticas do Centro no Informe de Revisión pola Dirección anual.

Pontevedra, 11 de marzo de 2020

A Secretaria

Iris Machado de Oliveira